

T R I S T E M U L L E R M A R I A .

"Pero atoparás uns ollos de muller
que miran sempre con tristeza,
i eses ollos serán, namentras vivas,
os ollos do teu amor e da túa conciencia".

E. Evtuchenko.

Triste muller María, vella María Manuela,
labrega e pastora de terra adentro, !sempre,
decotío, a secas!, orfa e desamparada,
descalza de pé a perna

a tremelicar nas gandarifias.

Labrega sin campos sollíos
onde te espalleceres,
pastora sin cabras nin ovellas,
nin cans de palleiro que alonxen
os raposos da túa porta despechada.

!Abenzoada sexas no teu cosmos nordesío:
salvaxe mundo de tambores violados
e donicelas..., e abrollos a coroarte
no curuto dos montes!.

¿Aínda lembras aquela serán outoniza
cando me dixeches baixiño, á orella:
"Endexamáis vín o mar nin as gaeivotas,
nin coñezo os solpores dunha ciudá marifeira"?

Entón mentíásme, muller María,
mentíásme sin querer, !mentíásme!;
porque no fondo dos teus grandes ollos tristesiros
eu vía un mar galgante,
un enorme mar povoado de navíos desnortados

-a rumbar cara ningures-
carregados de carraxe i esperanza

coma ti mesma.

Entón mentíásme, miña vella, !mentíásme!;
porque nos estoxos do teu peito entebrecido
eu oía laiar náufragos ilotas:
pais teus-fillos teus-irmaus teus-home teu:
estirpe de terra dura-dura-dura:
xente de lume e seixo a rolar mundo adiante:
carne da túa carne a debecer na lonxanía.

Mais ti mentábasmе un mar distinto. (Eu ben o sabía).
Os teus grandes ollos tristes arelaban ver
un longuísimo mar en calma
con gueivotas a revoar sobor das ondas amainadas
e rapazas en bikini deitadas na praia
ó meridía.

Ti mentábasmе un mar cheo de dozura e agarimo,
arelabas beber na cunca das túas maus encallecidas
auga salgada dun mar sin lindeiros,
e arelabas bañarte xunto ós peixes fuxidíos,
e arelabas soñar, soñar quedamente
cos ollos postos no ronsel dunha dorna pequena.

Ese mar estache coutado, María Manuela,
estache coutado por valados de terra dura-dura-dura
e muradellas ergueitas deica as nubens,
e montañas de inxusticia, !con cancelos
e aramios de pugas recién aguzados...!

¿Non sintes morre-los teus soños de mocidade
bosco adiante, terra adentro,
talmente un cancioño a persegui-las ovellas escañadas?

¿Non sintes apodrece-los teus anceos en frol
afundidos nos sulcos dos labradíos,
antre o brodio de tantas primaveiras apedradas?

Eu non sei como decirche que te revoltes
contra da sorte. !friste cousa ser poeta
e non ter palabras a xeito pra decir
o que pide o corazón a berros
cando ún sinte afogarse
no mar duns grandes ollos tristesiros!

--oo--

lema: 2 DE AGOSTO.